

OS GRAOS DO ADXECTIVO

GRAO POSITIVO

É a forma do adxectivo que xa coñecemos: *bonus*, -a; -um, *malus*, -a, -um; *magnus*, -a, -um; *parvus*, -a, -um; *fortis*, -e; *pauper*, -eris etc.

GRAO COMPARATIVO DE IGUALDADE

O adxectivo vese modificado polo adverbio *tam* e o sintagma que forma xunto co adxectivo precede o correlativo *quam*, que pola súa vez introduce o segundo termo de comparación. Ex: *Collis non tam alta est quam mons*.

GRAO COMPARATIVO DE SUPERIORIDADE

FORMACIÓN ANALÍTICA

Fórmase de forma moi semellante ao grao comparativo de igualdade, mais no sitio de *tam* topamos *magis*. A formación analítica é a que mellor se corresponde cos mecanismos que topamos nas linguas romances. Ex: *Mons magis altus est quam collis*.

FORMACIÓN SINTÉTICA REGULAR

Á diferenza da formación analítica, agora non imos ter un adverbio que modifique o adxectivo, mais unha terminación do adxectivo especial para o grao comparativo de igualdade: será *-ior* en nominativo singular masculino e feminino e mais *-ius* en nominativo singular neutro. Este método de formación do grao comparativo de superioridade tan diferente do noso será o máis habitual nos textos latinos. Ex: *Mons altior est quam collis*.

A seguir preséntase unha táboa para completardes a partir da información dada:

	Singular		Plural	
	Masc.- Fem.	Neutro	Masc.- Fem.	Neutro
Nom.-Voc.	altior	altius		
Acusativo				
Xenitivo	altioris			
Dativo				
Ablativo				

Se temos que formar o grao comparativo de superioridade do adverbio temos que utilizar o acusativo singular neutro do adxectivo. Desta guisa *facilius* podería significar “máis facilmente” ou *fortius* “máis fortemente”.

FORMACIÓN SINTÉTICA IRREGULAR

Hai adxectivos que forman o comparativo de superioridade de forma analítica e neles, ademais, a raíz muda, como *bonus*, -a, -um que ten como comparativo *melior*, *melius*; *malus*, -a, -um, ao que corresponde *peior*, *peius*; *magnus*, -a, -um que presenta *maior*, *maius* e *parvus*, -a, -um que dá *minor*, *minus*.

SEGUNDO ELEMENTO DE COMPARACIÓN

Como xa adiantamos unha maneira introducir o segundo elemento de comparación é coa conxunción *quam* e a seguir un substantivo ou pronome no mesmo caso en que está o substantivo comparado. Ex: *Mons altior est quam collis*. Nótese que no exemplo anterior *collis* e *mons* están ambos en nominativo.

Outra forma de sinalar o segundo elemento de comparación en latín consiste en pór o substantivo ou pronome comparado en ablativo sen ningunha outra marca que identifique dito segundo elemento de comparación. Ex: *Mons altior est colle*. Nótese que *colle* está neste exemplo en ablativo.

GRAO COMPARATIVO DE INFERIORIDADE

Fórmase co adxectivo en grao positivo precedido polo adverbio *minus* como modificador daquel e pode ter segundo termo de comparación. Ex: *Collis minus alta est quam mons*.

GRAO SUPERLATIVO

Antes de máis cómpre lembrar que o superlativo pode ser traducido nas linguas romances de forma sintética ou analítica. Por exemplo, o sintagma *altissimus mons* pode recibir dúas traducións básicas: “monte altísimo” (forma sintética) ou “o monte máis alto” (forma analítica). É preciso lembrar que incorporar o artigo a un grao comparativo de superioridade en lingua romance fai que o adxectivo estea en superlativo.

FORMACIÓN REGULAR

Fórmase por medio do sufixo *-issimus*, *-a*, *-um* sen importar estritamente o tipo de adxectivo que sexa segundo a declinación ou declinacións a que pertenza. Así de *altus*, *-a*, *-um* temos *altissimus*, *-a*, *-um* e de *fortis*, *-e*, *fortissimus*, *-a*, *-um*.

Cando temos adxectivos que teñan *-r-* ou *-l-* na parte final da raíz teremos as terminacións pasarán a ser *-errimus*, *-a*, *-um* e *-illimus*, *-a*, *-um* respectivamente. De tal modo os adxectivos *pulcher*, *pulchra*, *pulchrum* ou *pauper*, *-eris* terán como superlativos *pulcherrimus*, *-a*, *-um* e *pauperrimus*, *-a*, *-um*; ao mesmo tempo *facilis*, *-e* ou *difficilis*, *-e* dan *facillimus*, *-a*, *-um* e *difficillimus*, *-a*, *-um*.

Para formar un adverbio a partir do superlativo tan só será necesario utilizar a terminación *-e*, de modo que de *fortissimus*, *-a*, *-um* resultaría *fortissime* ou de *facillimus*, *-a*, *-um* teríamos *facillime*.

FORMACIÓN IRREGULAR

Ao igual ca no grao comparativo de superioridade sintético hai adxectivos en que a raíz muda, como *bonus*, *-a*, *-um* que ten como superlativo *optimus*, *-a*, *-um*; *malus*, *-a*, *-um*, ao que corresponde *pessimus*, *-a*, *-um*; *magnus*, *-a*, *-um* que presenta *maximus*, *-a*, *-um* e *parvus*, *-a*, *-um* que dá *minimus*, *-a*, *-um*.

SUPERLATIVO ABSOLUTO E RELATIVO

En primeiro lugar chamamos superlativo a aquel en que o adxectivo expresa o grao máis elevado da calidade que denota sen ningún termo de referencia. Ex: *optimus vir*.

Xunto ao anterior coñecemos tamén outro superlativo que chamamos relativo e que denota o grao máis elevado da calidade dun adxectivo dado, mais faino respecto a un termo de referencia. Este termo de referencia acostuma estar en xenitivo (Ex: *haec urbs omnis Galliae clarissima fuit*), mais pode comezar coa preposición *e/ex* (Ex: *interfecit nobilissimos e senatu*) ou coa preposición *inter* (Ex: *in hoc proelium inter omnes equites strenuissimus fuit*).